

VIGOCULTURA

Programación municipal de artes escénicas

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO / DECEMBRO 2014

Vivimos nunha cidade fermosa

Normas de organización e acceso ao recinto:

1. O despacho de billetes do Auditorio pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. Unha vez comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala.
2. As entradas non vendidas anticipadamente, de as houber, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
3. As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
4. A organización fai constar nos programas editados para a difusión de cada programación as idades recomendadas para determinados espectáculos, que pregamos respecten na medida do posible de cara a garantir un bo desenvolvemento dos mesmos.
5. TODO o público menor de 12 anos tamén pagará entrada, independentemente de se ocupan butaca ou non. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade e conforme ao Plan de Autoprotección do recinto.

O aforamento é único e se computa por persoas e non por butacas ocupadas.

Venda de entradas:

As entradas poderán adquirirse anticipadamente a través da páxina **web de Servinova**, no **teléfono 902504500**, na **Central de Espectáculos** (Velázquez Moreno 26), ou o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

Abonos (só a través do canal telefónico e no despacho de billetes):


– **Abono á carta 5:** Elixe **5 espectáculos** de toda a programación combinados como queiras e goza dun **15 % de desconto sobre o prezo total**.

– **Abono á carta 10:** Elixe **10 espectáculos** de toda a programación combinados como queiras e goza dun **25 % de desconto sobre o prezo total**.



Venres 3
de outubro
ás 21 h

d
danza



Odeim

Compañía: Cienfuegos Danza

Xénero: Danza contemporánea

Autor e dirección: Yoshua Cienfuegos

Asistente coreográfico: Maynor Chávez

Dirección musical: Rut Quiles

Música: Joan Valent, Carlos Escalante, Rut Quiles e Ximo Arias

Música Orixinal: Rut Quiles (dirección), Rut Quiles coa colaboración de Ximo Arias (composición musical),

Ximo Arias (violín) e Jorge Idáñez (voz en off)

Deseño de iluminación: Víctor Antón

Técnico da compañía: David Rosell

Elenco artístico: María Arqués, Isabel Álvarez, Leva Navickaite, Maynor Chávez, Sergio Moya e Gemma Güell



Público adulto



60 min.

8€

Prezo

Necesidade de dominar a angustia, expulsar a dúbida, identificar a turbación. O desexo da procura, de cambio, de compromiso, de manifestación... de ACCIÓN, xera medos e enfrontámonos a el, que xunto ao seu oposto, a esperanza, permiten comprender os problemas éticos, relixiosos e políticos.

Un espectáculo rico en movemento e na súa análise. Un desenvolvemento especial, moi estudado e consciente. Un gran reto para cada un dos cómplices que forman o equipo. Unha volta de torca desta compañía no seu compromiso artístico. Como o que enumera un conxuro desexo que neste proxecto se dean a xustiza para elixir, a prudencia para concretar, a templanza para moderar e o valor para emprender e concluir.



teatro

Venres 10
de outubro
ás 21 h

Matanza

Compañía: Triaterros

Xénero: Teatro contemporáneo

Autor: Roberto Salgueiro

Dirección e adaptación: Beatriz Campos

Escenografía, son e iluminación: Laura Iturralde

Vestuario e música: Triaterros

Elenco artístico: Omar Ferrín, Tone Martínez
e Celia González



Idioma



Público adulto



65 min.

8€

Prezo



“Matanza” é unha comedia visceral apousetada nun drama existencialista. Esta peza de corte contemporáneo preséntanos dous porcos xusto antes de ser acoitelados polo matachín, en principio nada excepcional, xa que a todo porco lle chega o seu San Martiño tal e como reza o dito, pero na realidade de “Matanza” estes porcos falan e senten como calquera de nós. O que os diferencia é que son porcos e están destinados a ser sacrificados para alimentar a súa comunidade. A esta situación súmase que os porcos son irmáns que tomaron camiños antitéticos nas súas vidas e que agora teñen que compartir as súas derradeiras horas de vida. Este binomio de porcos comparte escena co Matachín que imprime unha tensión dramática á peza facendo que o espectador se clave na butaca mentres chega a “Matanza”.



música

Venres 17
de outubro
ás 21 h



ConSentimento

Artista: Leilia

Xénero: Folk tradicional

5



Idioma



Todos públicos



90 min.

8€

Prezo

A finais dos 80 deron a coñecer a música tradicional de Galicia, ao son de pandeiretas e voces, convencidas de que o canto galego, pola súa singularidade e forza, debía ter un espazo propio nos escenarios. “ConSentimento” é unha homenaxe a todas as mulleres que fixeron e fan realidade a creación, a conservación e a transmisión da tradición oral galega. Un agradecemento personificado na figura de Eva Castiñeira, unha cantadora, unha pandereiteira, unha muller como tantas e tantas mulleres que dende case o anonimato sementaron a nosa terra de arte, cultura e beleza. Coa inestimable colaboración do músico e arranxista compostelán Xoaqun Porto, presentan neste quinto traballo unha concepción musical acorde a unha nova realidade. Un disco con vocación acústica, no que a guitarra, o acordeón, o contrabaixo e a gaita, abrigan á perfección a beleza do canto tradicional e os versos de varias das mellores poetas galegas da actualidade: Ana Romani, Yolanda Castaño, Eva Moreda, Mariña Pérez, Eva Veiga, Ana Amado e Marilar Aleixandre. O deseño do espectáculo corre por conta doutro dos grandes profesionais da escena galega: Quico Cadaval.



teatro

Venres 24
de outubro
ás 21 h

Mucho ruido y pocas nueces

Compañía: Las Grottesqués / Teatro de
Cámara Cervantes

Xénero: Teatro clásico

Autor: William Shakespeare

Dirección: Sonia Sebastián

Dramaturxia: Elena Lombao e Maribel Vitar

Coreografías: Elena Lombao

Deseño de iluminación: Marino Zabaleta

Vestuario: Tatiana de Sanabria

Escenografía: Esther García e Itziar Sagasti

Dirección de produción: Ana Carrera

Elenco artístico: Elena Lombao, Celia Freijeiro
e Tusti de las Heras



Idioma



Público adulto



80 min.

8€

Prezo

Adaptación da comedia “Moito Ruido e Poucas Noces” de Shakespeare, que comeza co regreso de don Pedro de Aragón, causando moito rebumbio, reencontros entre amigas, e moita diversión. O conde Claudio -man dereita de don Pedro- nada máis chegar, namórase loucamente de Hero, a filla do gobernador, e desexa casar con ela. O propio don Pedro ofrécese a axudalo, pero o seu medio irmán, don Juan, pretende sementar a discordia e a confusión. A obra xira principalmente en torno a dous fortes personaxes fachendosamente confrontados, Benedicto e Beatriz, adversarios irreconciliables, tan inxeniosos, mordaces e sarcásticos, como desdeñosos do amor. Todos intentarán que tanto Beatriz, como Benedicto, caian loucamente namorados un da outra e se entreguen a esa paixón dun modo desenfreado. Unha historia de honor e deshonor, de rápidos e intelixentes diálogos, no que debe triunfar o amor por riba de todo... Conseguirao? Dirixidas por Sonia Sebastián, Las Grottesqués abordan esta comedia ao seu máis puro estilo. A través dunha linguaxe física, clownesca e versátil, as tres actrices interpretan os dezaoitto personaxes da obra. Unha adaptación elaborada coa complicitade do público e con moito, moito humor.



GOBERNAMENTO DE GALICIA



PLATE

PROGRAMA ESTADAL DE ARTES ESCÉNICAS



Venres 31
de outubro
ás 21 h

Do not disturb. No molestar

Compañía: Vaivén Circo

Xénero: Teatro-circo

Idea orixinal: Vaivén Circo

Dirección: Rosa Díaz, "La Rous"

Música Orixinal: Iván Monje

Coreografía: Raquel Pretel

Deseño de vestuario: Josefina Alfonso

Deseño de iluminación: Javier Luna

Escenografía: Pepe del Pino

Elenco artístico: Miguel Ángel Moreno "Bolo",
Raquel Pretel, Emilio López e Chema Martín



Idioma



Todos os públicos



55 min.

8€

Prezo

"Do Not Disturb. No Molestar", achéganos a un día de traballo en calquera fábrica de principios do século XX. Catro personaxes singulares traballados para provocar sentimentos de todo tipo no público, eses sentimentos que só afloran cando nos vemos reflectidos. Personaxes, en fin, levados ao límite: ao límite do risco, da absurdez e tamén ao límite da tenrura.



ffamiliar
teatroDomingo 2
de novembro
ás 18 h

Semillas de Cardamomo

Compañía: El Callejón del Gato Producciones

Xénero: teatro

Autor: Eduardo Zamanillo

Adaptación: Ana Eva Guerra e Moisés González

Dirección: Ana Eva Guerra

Escenografía: Marino Villa

Vestuario: Ana Eva Guerra e Pilar González

Música: cancións infantís de diferentes países

Iluminación e son: Alberto Ortiz

Elenco artístico: Ana Morán, Ana Eva Guerra
e Moisés González

Idioma



+4 anos



50 min.

5€

3€

= e + de 12 anos -12 anos

Prezo

Estrela e a súa nai veñen de mudarse da vila á vella casa familiar. Hoxe é o día do seu aniversario e recibe unha carta moi especial: nun lugar da casa están esperando os agasallos, e para atopalos terá que solucionar un enigma. Comeza entón unha gran aventura que lle permitirá viaxar a remotos lugares da man duns misteriosos e divertidos personaxes. Ah!, e polo camiño terá apañado un bo feixe de sementes de cardamomo.

GOBIERNO DE GALICIA
DEPARTAMENTO DE CULTURA

inaem

PLATE

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS

Venres 7
de novembro
ás 21 h

QFWFQ.

Una historia del universo

Compañía: Teatro Meridional

Xénero: Teatro-comedia

Autor: Adaptación de Julio Salvatierra a partir de
"Las Cosmicómicas" de Italo Calvino

Director: Álvaro Lavín

Escenografía: Teatro Meridional

Vestuario: Marina Seresesky, Lupe Valero e Ana Llena

Música: Óscar Sánchez Zafra

Iluminación: Luis Perdiguero

Elenco artístico: Álvaro Lavín, Chani Martín,
Marina Szerezevsky e Elvira Cuadrapani



Idioma



+14 anos



75 min.

8€

Prezo



Da man dunha das series de contos máis imaxinativos e sorprendentes que se teñen escrito neste século, unha sinxela familia de campesiños cóntanos o nacemento do Universo, a condensación da materia e a formación da luz e as estrelas. E logo, xa con máis calma, a orixe da vida, do sexo -como non- e do tempo no que a lúa pasaba tan preto da terra que se podía subir dun chimpo, antes de que as mareas a afastasen. Non se trata de teatro do absurdo, nin de ciencia-teatro-ficción, trátase fundamentalmente de humor. Do humor dun Calvino rico, fino, poético e intelixente.



f

familiar
teatro/música

Domingo 9
de novembro
ás 12 e 18 h

Na Casa

Compañía: Caramuxo Teatro

Xénero: teatro musical

Autor e dirección: Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Escenografía: Caramuxo Teatro, Suso Jalda,

Soledad Gómez e Gonzalo Santomé

Deseño de son: Juan Rodríguez,

Laura Sarasola, Alma Sarasola e Tito Barbeito

Deseño iluminación: Suso Jalda

Vestuario: Caramuxo Teatro e Soledad Gómez

Composición musical: Tito Barbeito e Alma Sarasola

Coreografía: Laura Sarasola

Elenco artístico: Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Músicos: Alex Fente (acordeón),

Fernando Román (clarinete) e Suso Jalda (percusión)



Espectáculo
para bebés
(aforo reducido)



Idioma



Todos os públicos



35 min.

5€

= e + de 12 anos -12 anos

3€

Prezo

Unhas poucas casas poden ser unha aldea, moitas casas poden ser unha cidade. A nosa casa naceu nunha aldea que agora é unha cidade. Aí está, arrodada doutras. É de madeira, ten xardín e dalle moito o sol. Antes non tiñamos veciños, pero pouco a pouco foron chegando. Hortensia, a florista, que ten unha casa que recende moi ben; Telmo, o veciño equilibrista; Arabela, que é cantante de ópera; o señor Antón, que é un vello mariñeiro... E a nosa amiga Rita, a gata de Marcelina que vén de visita á hora da merenda. No verán se vai moita calor, ou no inverno, se non para de chover, o mellor sitio onde estar é... Na Casa!.

Venres 14
de novembro
ás 21 h

d
danza



ESPECTÁCULO RECOMENDADO
POLA COMISIÓN DE ARTES
DO MOVEMENTO DA REDE
ESTATAL DE TEATROS
E AUDITORIOS

Salón Otto

Compañía: **Compañía Teresa Navarrete**

Xénero: **Danza contemporánea**

Autor e adaptación: **Compañía Teresa Navarrete**

Dirección e vestuario: **Teresa Navarrete**

Axudante de dirección: **María M. Cabeza de Vaca**

Escenografía: **Compañía Teresa Navarrete e María Meler**

Deseño de son: **Miguel Marín**

Deseño de iluminación: **Nando Pérez**

Dirección técnica: **Diego Cousido**

Música: **Montgomery**

Coreografía: **Teresa Navarrete e Nando Pérez**

Textos: **Virginia Arroyo, John Berger, Agustín Fernández Mallo e Nando Pérez**

Elenco artístico: **Teresa Navarrete e Nando Pérez e Montgomery**



Público adulto



55 min.

8€

Prezo

Se en “Otra manera de encontrarse”, anterior produción da compañía, formulábanse realidades onde a linguaxe convertíase en ferramenta difusa de contacto, sen concesión para afondar no coñecemento mutuo das persoas que habitaban o seu espazo, “Salón Otto” procura ese refuxio humano de solidariedade, de abrigo e recollemento fronte ás realidades a priori máis adversas. Recrea eses espazos de acougo, liberadores de encontros fugaces; ese punto concreto que serve de fogar para a linguaxe, como único fogar humano, como expresa John Berger na súa obra “Con la esperanza entre los dientes”. Rabia, amor, esperanza e celebración, vida. “Salón Otto” é a procura e a esperanza; un alento, pero non o último.

f

familiar danza

**Domingo 16
de novembro
ás 18 h**

LaLolaBaila

Compañía: Cía. La Mandarina

Xénero: danza

Idea, dirección e textos: Toni Closa

Coreografía: Carme Solà

Ilustraciones: Enma Schmid

Voz Lola: Ingrid Domingo

Música: VV.AA.

Vestuario e deseño e realización vídeo: Cía. La Mandarina

Deseño e realización de vestuario nido: Marta Porta

Deseño iluminación: Manel Melguizo, Roc Lain

Asesoramento técnico vídeo: Crispi Tuset

Montaxe vídeo: Rosebud Films

Fotografía e audiovisual: Bernat Búrria, Joan Guasch e Toni Cortés

Estudio de gravación de son: Akord's

Impresión gráfica: Área Publicitat, Tintaprint arts gráficas

Residencia técnica: Teatre de l'Aurora

Elenco artístico: Eneritz Zeberio e Raquel Klein



Idioma



+ 4 anos



50 min.

5€ 3€
= e + de 12 anos -12 anos

Prezo



“A miña cabeza é unha pequena caixa de música que transforma o meu día a día en danza.

Bailo desde que esperto até que vou durmir. Eu bailo todo! E a vós, apetecevos bailar?”

Así pensa Lola, protagonista deste orixinal espectáculo de danza interactiva para todos os públicos. Unha montaxe para mirar e bailar.

Lola é unha personaxe virtual que lle propón ao público unha viaxe polo seu día a día, invitándoo a bailar.Estades preparados?

Pois vinde e bailade!



GOBERNAMENTO DE GALICIA
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN, CULTURA
E TURISMO



PLATE

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCENICAS

Venres 21
de novembro
ás 21 h

Atlas de Geografía Humana

Compañía: A Priori Producciones
e Centro Dramático Nacional

Xénero: Teatro contemporáneo

Autor: Almudena Grandes

Adaptación: Luis García-Araus

Dirección: Juanfra Rodríguez

Escenografía: Alicia Blas Brunel

Iluminación: Pilar Velasco

Vestuario: Kristina G.

Ayudante de dirección: Moisés Crespo

Elenco artístico: Arantxa Aranguren, Ana Labordeta,
Ana Otero, Rosa Savoini e Ángel Ruiz



Idioma



Público adulto



85 min.

8€

Prezo



No departamento de obras de consulta dun grande grupo editorial, catro mulleres traballan na confección dun atlas de xeografía en fascículos. Reunidas polo azar neste proxecto, e moi distintas entre si, todas comparten, nembargantes, unha idade decisiva, na que o peso da memoria matiza xa a conciencia do tempo e da historia. Mentres investigan, buscan materiais e fixan datos, Ana, Rosa, Marisa e Fran atópanse nese punto de inflexión da vida, no que non se pode adiar máis a necesidade de encararse dunha vez consigo mesmas, despearar dúbidas, desexos e contradicións xa insostibles para situarse elas mesmas na súa propia xeografía, no seu propio atlas. Así iremos descubriendo todo sobre cada unha delas e sobre o mundo que as rodea, que non é outro que o de toda unha xeración: a súa soidade, as súas inhibicións, os seus sonos truncados, as súas decepcións, pero tamén as súas paixóns e os seus amores inconfesados, a súa dureza e a súa tenrura, as súas derrotas e as súas grandes conquistas.

f

familiar
teatroDomingo 23
de novembro
ás 18 h

Querida Hija

Compañía: Marie de Jongh

Xénero: Teatro contemporáneo

Autor e dirección: Jokin Oregi

Escenografía: Javi Tirado

Diseño iluminación: Milakamoon

Vestuario: Mayda Zabala

Música: Santiago Ramos

Elenco artístico: Ana Meabe, Javier Renobales e
Jose Ramón Soroz

Idioma



+ 6 anos



55 min.

5€

= e + de 12 anos

3€

-12 anos

Prezo



Laida está embarazada de catro meses. Tanto ela como a súa parella, Martín, viven o feito cunha ilusión fóra do común. Non fan outra cousa que imaxinar como será a súa vida cando naza a crianza; de feito, xa transformaron a casa con múltiples obxectos para a futura filla. A felicidade sería plena se non fose por un pequeno problema: con eles, na mesma casa, vive o pai de Laida, o vello Tomás, un home malhumorado e avinagrado. Tomás semella que sempre está enfadado, queixoso, ciumento, rabudo, ás veces infantil, case sempre traveso. Sen embargo, un día todo cambia. Laida perde o bebé que espera. Martín e ela quedan destrozados, sobre todo ela, que non pode superar a dor; lonxe de enfrentarse á realidade, convértese nunha nena desvalida, rota. É entón cando Tomás, o seu pai, vendo sufrir deste xeito á súa querida filla, decide sacar o mellor que hai nel para axudala. Inténtao con todas as súas forzas, con toda a súa tenrura, con toda a súa imaxinación.



PROGRAMA DE EDUCACIÓN DE CALIDADE

inaem

PLATE

PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



Venres 28
de novembro
ás 21 h

teatro



PREMIOS MARÍA CASARES AO MELLOR
ESPECTÁCULO, MELLOR ACTRIZ
SECUNDARIA, MELLOR ESCENOGRAFÍA
E MELLOR ILUMINACIÓN.

Eurozone

Compañía: Grupo Chévere

Xénero: Teatro contemporáneo

Autor, adaptación e vestuario: Chévere

Dirección: Xesús Ron

Escenografía: Chévere e Javier Ballestín

Deseño de son e música: Xacobe Martínez Antelo

Deseño iluminación: Fidel Vázquez

Coreografía: Iván Marcos

Elenco artístico: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo,
Manuel Cortés, Mónica García, Arantza Villar,
Iván Marcos, Borja Fernández e Pepe Penabade.

15



Idioma



Público adulto



90 min.

8€

Prezo

"Eurozone" é un panfleto teatral sobre a crise da Eurozona. Un auténtico pastiche no que se mesturan as referencias directas a Reservoir Dogs, á linguaxe da publicidade, aos casinos online, aos bailes de salón e ao argot económico que asulaga as nosas vidas. "Eurozone" é unha farsa teatral sobre a crise da zona euro, sobre a fin da idea de Europa tal e como a entendemos ata agora, sobre un sistema democrático deslexitimado que só conta coa cidadanía para ir votar cada certo tempo, sobre unha clase dirixente que só exerce o poder no seu propio beneficio, sobre o secuestro da democracia por parte do sector financeiro.



familiar
teatro

Domingo 30
de novembro
ás 18 h

Víctor y el monstruo (Frankenstein)

Compañía: Esencia Producciones

Xénero: Teatro actor e monicreques

Autor, dirección e adaptación: Josep R. Cerdá

Escenografía, deseño de son e deseño de

iluminación: Nacho Gómez

Vestuario: Cristina Mériz

Música: Jaume Manresa

Elenco artístico: Pilar Barrio e Elena Gómez



Idioma



+ 9 anos



60 min.

5€

= e + de 12 anos

3€

-12 anos

Prezo




Berta espera a chegada de María para facer a súa primeira festa pixama. Pretende emular a noite de pantasmas na que Mary Shelley imaxinou a historia do monstruo máis famoso de todos os tempos. Sen saír do seu dormitorio somerxerémonos na historia do profesor Frankenstein e a súa criatura. Unha adaptación tenra e profunda, fiel ao espírito da novela, cunha posta en escena de grande sobriedade técnica.



Domingo 7
de decembro
ás 18 h

familiar
teatro



Alegría, Palabra de Gloria Fuertes

Compañía: Teatro de Malta

Xénero: Teatro

Autor e dirección: Marta Torres

Escenografía e atrezzo: Pepe Moreno

Realización de escenografía: Pepe Moreno e Dicons

Vestuario: Lola Trives

Realización de vestuario: Francisca Martínez e Cristina González

Música: Fernando Álvarez - Vídeo: JM Sonido

Iluminación: Joseba García

Xefe técnico: Hilario Escobar

Asistente técnico: Pepe Moreno

Fotografía e deseño gráfico: Hnos. de la Costa

Producción executiva: Joseba García

Axudante de produción: Angélica Felipe

Secretaría de produción: Lola Sánchez

Produción: Teatro de Malta

Elenco artístico: Margarita Blurk e Delfin Caset



Idioma



+ 4 anos



55 min.

5€ 3€
= e + de 12 anos -12 anos

Prezo

Dona Pito Piturra e o señor Antropelli, traballadores do antigo circo Cocodrilo, viven rodeados de contos e poemas de Gloria Fuertes. Non teñen outra cousa, e, ademais, cren ser ela. Ambos cren ser a poeta. O intento de cada un deles por convencer ao outro do seu erro, dá lugar a unha serie de xogos e escenas inspirados nos contos de Gloria nos que interpretan a outros personaxes creados pola autora madrileña, e nos que, por suposto, se expresan a través da súa poesía.



PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS

f

familiar
teatro

Domingo 14
de decembro
ás 18 h

Gúlliver en el país de Liliput

Compañía: Centre de Títelles de Lleida

Xénero: Teatro monicreques

Autor: Joan-Andreu Vallvé, a partir da novela de
Jonathan Swift

Dirección, adaptación, escenografía, deseño de
iluminación e vestuario: Joan-Andreu Vallvé

Deseño de son e música: Poire Vallvé e Joan-Andreu Vallvé

Elenco artístico: Ángel Pérez, Xavier Iglesias,
Ingrid Tixidó, Marta Rosell, Clara Olmo e
Pere Pámpols



Idioma



+ 6 anos



50 min.

5€

= e + de 12 anos

3€

-12 anos

Prezo

18

Gúlliver, soña sempre en facerse á mar e converterse en capitán de goleta. Ao medrar, poderá vivir a súa primeira aventura que o levará a naufragar e caer prisioneiro dos habitantes de Liliput. Naquel mundo, Gúlliver é un xigante e os liliputienses están moi asustados. El consegue gañar a súa confianza e amizade converténdose no heroe do pobo. Coa súa valentía consegue acabar coas disputas e as guerras entre Liliput e Belfuscú e insta a concordia e a colaboración entre os dous países. Os títeres, as sombras e as cancións son os principais elementos desta narrativa dramática.



GOBERNAMENTO DE GALICIA

DEPARTAMENTO DE CULTURA

inaem

PLATEA

PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCENICAS



**Domingo 21
de decembro
ás 18 h**

**familiar
teatro**

El cuento de la lechera

Compañía: Xip Xap Teatro

Xénero: Teatro monicreques música

Autor: Xip Xap

Dirección: colectiva

Adaptación e dramaturxia: Jaume Belló

Deseño escenografía e títeres: Maribel Pérez

Construción títeres: Inma Juanós e Óscar Ribes

Construción escenografía: Maribel Pérez, Isabel Moya e Óscar Ribes

Vestuario: Inma Juanós

Son e iluminación: Oriol Granell

Produción: Xip Xap

Música: cancións populares

Elenco artístico: Inma Juanós e Víctor Polo (titiriteiros)

Oriol Planes "Ritxi" (músiconarrador)



Idioma



+ 3 anos



60 min.

5€ 3€
= e + de 12 anos -12 anos
Prezo

A protagonista deste conto é unha nena, como moitas outras: rebuldeira, fantasiosa e que lle gusta moito cantar. O día do seu aniversario a súa nai regálalle un cántaro cheo de leite para que o leve vender ao mercado. Cos cartos que lle paguen da venda do leite podería mercar o que quixese: uns zapatos, un vestido... Durante o camiño até o mercado, a nosa amiga atoparase con moitos personaxes: unha galiña que está chocando os seus ovos, un porquiño na procura de landras para comer e unha vaca moi faladora. Todos lle recomendan á leiteira que teña moito coidado co cántaro, non sexa que tropece cunha pedra, caia ou rompa o cántaro. Credes que lles fará caso? "O conto da leiteira" é un espectáculo de monicreques con música en directo e dous titiriteiros que nos explican o conto dun xeito moi divertido e entretido. Ide preparando a voz para cantar moitas cancións.



Información:



Teléfonos desde Vigo: 010
Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260

Horario: de 8 a 20 horas de luns a venres
de 10 a 14 horas os sábados

www.vigocultura.org



Auditorio Municipal do Concello

Praza do Rei s/n

**CONCELLO
DE VIGO**



Vivimos nunha cidade fermosa